

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA EXPERIMENTAL DE INTERVENCIÓN CON ENFOQUE TRANSDISCIPLINAR E SEGUNDO A METODOLOXÍA DE ATENCIÓN INTEGRAL E CENTRADA NA PERSOA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade figura inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2003-93-2. Así mesmo, a entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-154, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Ambas entidades están interesadas, no desenvolvemento dun Programa experimental de terapia cualificada de cara á implantación dun futuro centro de coidados intermedios, en liña coas previsións da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobados o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (ONU) e que abordará varios aspectos de cara a promoción do pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen ningunha discriminación por motivos de discapacidade, para lograr a súa máxima autonomía persoal.

O programa consistirá no desenvolvemento do conxunto das intervencións coa finalidade de axudar ás persoas con discapacidade a conseguir o máis completo potencial físico, psicolóxico, persoal e social, compatible coas súas limitacións fisiolóxicas ou anatómicas, e coas limitacións do medio e en consonancia cos seus desexos e plan de vida.

O programa incluírá actuacións encamiñadas a terapias experimentais de cara á implantación dun futuro centro de coidados intermedios públicos cuxa posta en funcionamento se prevé para o exercicio 2024.

O Centro de Coidados Intermedios Público atenderá a aquelas persoas que reciban a alta hospitalaria, prestándolles a axuda e rehabilitación necesaria para completar a súa recuperación antes de volver aos seus domicilios e centros residenciais.



Conforme ao establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, para o desenvolvemento das súas funcións conta co Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) como servizo competente para prestar apoio integral ás persoas con discapacidade física e dependentes, atopándose entre as súas competencias a proposta de proxectos de colaboración, con entidades públicas e privadas. No seo destes proxectos de colaboración, estímase que o CEGADI resulta así mesmo ser o emprazamento óptimo para a execución do presente programa, ben nas súas propias instalacións, ben coordinando dende alí as actuacións que teñan lugar noutros ámbitos de execución deste convenio, resultando a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, a única entidade que conta cos medios materiais e humanos no ámbito da comunidade autónoma para dotar ao proxecto da dimensión axeitada, sendo a entidade de referencia en Galicia do colectivo ao que van dirixidas as actuacións obxecto do programa.

A execución das actuacións obxecto deste programa en ningún caso suporá unha duplicidade das funcións establecidas no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, como función propias do CEGADI.

Neste contexto, este programa experimental de terapia cualificada ten un contido innovador polo que non é encadrable en ningún dos servizos actuais. Esta experiencia deberá representar unha gran oportunidade para todo o colectivo de persoas con discapacidade, que contarán cunha ferramenta que permitirá obter resultados transferibles ao desenvolvemento do futuro.

As actividades ou actuacións que se van a desenvolver coa colaboración están encamiñadas a habilitación e mantemento funcional e psicosocial para a vida autónoma.

Os procedementos e técnicas a aplicar están orientadas a mellorar a calidade e a eficacia dos movementos, o control postural, o avance da marcha, a estabilidade e a diminución da sintomatoloxía clínica propia da persoa con discapacidade adulta ou infantil, con diversos perfís a través dun plan de tratamento individualizado. As principais actuacións que se van desenvolver son:

- 1º. Servizos de prestación con técnicas de fisioterapia innovadoras empregando as novas tecnoloxías, a terapia acuática e equipamentos punteiros.
- 2º. Servizos de prestación con técnicas de terapia ocupacional innovadoras empregando as novas tecnoloxías e salas de integración sensorial e psicomotricidade e de estimulación multisensorial.
- 3º. Servizos de prestación con técnicas de logopedia innovadoras de cara a tratar problemáticas tales como alteracións de voz, fala e linguaxe, afasias, problemas de afasias, de disfasia e deglución, problemas de articulación e expresión oral.
- 4º. Servizos de prestación da neuropsicoloxía innovadoras de cara a rehabilitar as funcións cognitivas afectadas tras unha alteración do sistema nervioso central.

De forma paralela e tendo en conta a metodoloxía de atención integral e centrada na persoa realizarase un traballo co entorno da persoa onde intervirán, ademais dos profesionais descritos anteriormente outros do ámbito social (educación social, traballo social), así como persoal experto en accesibilidade. O obxectivo é garantir a transición da persoa do centro de coidados intermedios ao seu entorno e polo retrasar o máximo posible a institucionalización da mesma nun servizo de atención diúrna ou nocturna.

Esta metodoloxía empregada experimentarase en diferentes tipoloxías e rangos de idade de



persoas con discapacidade, a través do movemento asociativo COGAMI e servizos cos que conta actualmente a organización.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio establécese un orzamento total de 470.000,00 € que a Consellería de Política Social e Xuventude e que serán imputados á aplicación orzamentaria 11.04.312D.640.0 (código de proxecto 2018 00046) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024:

Ano 2024..... 470.000,00 €

En consecuencia, e dado que dita colaboración excede dos límites previstos na lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, será preciso autorización do Consello da Xunta para a tramitación deste expediente de gasto.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Persoas con Discapacidade
Begoña Abeijón Fernández

